



TITULO SUPERIOR EN CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DE BENS CULTURAIS

Escola Superior de Conservación e Restauración de BBCC de Galicia

Práctica de conservación activa dos bens arqueolóxicos I

Departamento: Conservación e restauración de materiais arqueolóxicos

Obrigatoria da especialidade	Curso: 3º arqueoloxía	1º Cuadrimestre	11 ECTS
------------------------------	-----------------------	-----------------	---------

Práctica

Profesora: Carmen Lorenzo Rivera

lorenzorivera@edu.xunta.es

Horario: 12 horas semanais

Coñecementos previos: para o normal seguimento da materia, é importante o dominio das competencias acadadas nas materias de Principios técnicos e metodolóxicos de CR, Prácticas de reintegración, Prácticas de consolidación e adhesión e Prácticas de limpeza.

DESCRIPCIÓN DA MATERIA

Aplicación dos sistemas e técnicas de intervención para a conservación e restauración dos bens arqueolóxicos. Execución dos tratamentos de conservación e restauración propios, mediante obra real. Elaboración de informes.

COMPETENCIAS TRANSVERSAIS

T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
T2	Recoller información significativa, analízala, sintetízala e xestionala adecuadamente.
T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
T9	Integrarse adecuadamente en equipos multidisciplinares e en contextos culturais diversos.
T13	Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.

COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN

X2	Coñecer e identificar a composición material do ben cultural e os procedementos e técnicas empregados na súa elaboración.
X4	Determinar os exames ou análises precisos para avaliar os seus resultados.
X5	Determinar os criterios de intervención e decidir o tratamento de conservación máis axeitado.
X7	Deseñar sistemas e tratamentos de conservación e restauración.
X11	Acadar a capacidade de colaborar e traballar en equipo con outros profesionais.



X15	Coñecer os riscos laborais e as medidas e normas de seguridade e saúde, e a súa aplicación para o restaurador, os bens culturais e o medio.
X16	Usar os medios e recursos ao seu alcance con responsabilidade cara ao patrimonio cultural e medioambiental.
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA ESPECIALIDADE DE ARQUEOLOXÍA	
EA1	Diagnosticar as alteracións dos bens arqueolóxicos e dos seus materiais constitutivos mediante o seu exame, identificación, análise e valoración.
EA2	Decidir e executar os tratamentos máis adecuados a cada caso, poñendo en práctica os coñecementos, os criterios, os procedementos técnicos e as habilidades e destrezas adquiridas.
EA4	Planificar, documentar e facer o seguimento do proceso de conservación e restauración dos bens arqueolóxicos, aplicando a metodoloxía de traballo pertinente.
EA5	Establecer un diálogo interdisciplinario con outros profesionais relacionados co ámbito do patrimonio cultural, especialmente no concerner ao arqueolóxico.
EA 8	Realizar unha análise crítica da metodoloxía, os tratamentos e os materiais empregados e avaliar a eficacia da intervención realizada.
EA10	Utilizar os recursos que as novas tecnoloxías facilitan para o desenvolvemento do exercicio profesional.
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DA MATERIA	
Coñecer os tipos de metais arqueolóxicos, os procesos e axentes de alteración específicos.	
Acadar a capacidade para diagnosticar o estado dos metais arqueolóxicos	
Acadar a capacidade para deseñar e executar proxectos de conservación sobre metais arqueolóxicos	

UNIDADES DIDÁCTICAS		
Unidade	Subtemas	% no total da materia
1. Cobre e as súas aliaxes	Diagnose (determinación do estado de conservación); tratamentos.	35%
	Propostas de tratamento.	
	Realización de tratamentos.	
2. Ferro e as súas aliaxes	Diagnose (determinación do estado de conservación); tratamentos.	35%
	Propostas de tratamento.	
	Realización de tratamentos.	



3. Chumbo, estaño e as súas aliaxes	Diagnose (determinación do estado de conservación); tratamentos.	15%
	Propostas de tratamento.	
	Realización de tratamentos.	
4. Prata, ouro e as súas aliaxes	Diagnose (determinación do estado de conservación); tratamentos.	15%
	Propostas de tratamento.	
	Realización de tratamentos.	

PLANIFICACIÓN DOCENTE

Metodoloxías	Horas aula	Horas fóra	Total
Actividades introdutorias	1		1
Prácticas de taller	183		183
Resolución de problemas ou exercicios.	15	14	29
Presentacións/exposicións	12	5	15
Traballos tutelados	6	40	46
Total	216	59	275

METODOLOXIA DOCENTE

Metodoloxía	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a presentar a materia e tomar contacto co alumnado
Prácticas de taller	Traballo individual ou en grupo baixo a supervisión do profesor. O estudante, mediante un exercicio de integración e síntese, terá que por en prácticas os coñecementos e competencias adquiridas noutras materias.
Resolución de problemas ou exercicios.	O profesor entregará o alumnado diversas pezas para a realización de diagnose e propostas de tratamento.
Presentacións/exposicións	O estudante presentará os traballos realizados, explicando os problemas atopados, as solucións aportadas e os resultados obtidos.
Traballos tutelados	O estudante, de maneira individual ou en grupo elaborará os informes das pezas tratadas



SISTEMAS DE AVALIACIÓN		
Método	Criterios	% avaliación
Exercicios de diagnose e proposta de tratamento	-Aplicación dos coñecementos adquiridos. -Corrección no desenvolvemento do exercicio.	35%
Informes, memorias de prácticas	-Rigor técnico, asimilación e grao de aplicación de conceptos teóricos. -Capacidade de reflexión, síntese e para establecer conclusións -Claridade e eficacia na expresión.	15 %
Presentación dos traballos realizados	-Coherencia na presentación. -Asimilación dos coñecementos. - Claridade e eficacia na expresión.	15%
Observación sistemática	-Asimilación e aplicación dos coñecementos adquiridos.	10%
	-Autonomía e capacidade para resolver problemas	10%
	-Calidade, pulcritude e meticulosidade	10%
	-Responsabilidade e organización no traballo.	5%
Total		100 %

OUTROS COMENTARIOS A AVALIACIÓN E MEDIDAS DE RECUPERACIÓN

Dado o carácter práctico da materia, a asistencia é necesariamente obrigatoria. A non asistencia ás clases implicará a imposibilidade do desenvolvemento correcto da materia, repercutindo necesariamente na cualificación.

Avaliarase, de forma continuada, o progreso no proceso de aprendizaxe.

O estudante que non realice as probas, exercicios ou informes propostos ou non acade unha nota mínima de 5 en algún deles, deberá presentarse en convocatoria ordinaria a unha proba de recuperación das partes non superadas.

O estudante que acumule un nº de faltas non xustificadas superior ao 20% deberá presentarse a un exame final en convocatoria ordinaria que consistirá no seguinte:

-Proba escrita dunha diagnose e/ou proposta de tratamento de unha ou varias pezas, para avaliar o seu grao de competencia e, unha vez superada esta, unha proba práctica.

O estudante que non supere a materia poderá presentarse á convocatoria extraordinaria que consistirá no seguinte

-Proba escrita dunha diagnose e/ou proposta de tratamento de unha ou varias pezas, para avaliar o seu grao de competencia e, unha vez superada esta, unha proba práctica da materia.



Ofreceráse atención personalizada ao alumnado durante todo o curso.

BIBLIOGRAFÍA RECOMENDADA

- BERDUCOU, M.C. (Coord). La conservation en archeologie. Masson, París 1990
- CRONYN, J.M. The elements of archaeological conservation Routledge, london /1990
- MEYER A la recherche du métal perdu. Editions errance /1999
- SCOTT, David A. Copper and Bronze in Art: Corrosion, Colorants, Conservation. Getty Publications / 2002
- SCOTT, David A. Iron and Steel: Corrosion, Colorants, Conservation. Archetype Publications Ltd / 2009
- VV.AA. Metal 95 Proceedings. Interim meeting of the ICOM-CC metal WG. James & James editions / 1997
- VV.AA. Metal 98 Proceedings. Interim meeting of the ICOM-CC metal WG. James & James editions / 1999
- VV.AA. Metal 01 Proceedings. Interim meeting of the ICOM-CC metal WG. Western Australias Museum /2004
- VV.AA. Metal 04 Proceedings. Interim meeting of the ICOM-CC metal WG
- VV.AA. Metal 07 Proceedings. Interim meeting of the ICOM-CC metal WG. Rijks Museum, Amsterdam/2009
- VV.AA. Metal 10 Proceedings. Interim meeting of the ICOM-CC metal WG
- VV.AA. Metal 13 Proceedings. Interim meeting of the ICOM-CC metal WG
- VV.AA. Metal 16 Proceedings. Interim meeting of the ICOM-CC metal WG
- VV.AA.. Metal España 08 actas del congreso de conservacion y restauracion del patrimonio metalico Universidad Autónoma Madrid / 2008
- VV.AA.. Metal España 2015 actas del congreso de conservacion y restauracion del patrimonio metalico